



NUMAX PRESENTA:

85 | XANEIRO 2025



Librería

Q+

Acompañamos a estrea de *Queer* de Luca Guadagnino, unha adaptación do libro homónimo de William S. Burroughs, cunha selección de libros para ter presente a importancia de non borrar estas dúas siglas.



Queer
William S. Burroughs
ANAGRAMA | 11,90€



Bicicas. O la necesidade de queerizar lo queer
Ana Amigo Ventureira
KAÓTICA | 18€



Alguén nos lembrará. Antoloxía de relatos LGBTIQ+A
VV.AA.
XERAIS | 14,50€



Mis recuerdos
Abel Barbin
TEMPORAL | 16,90€



Scream Queer 2
Javier Parra
DOS BIGOTES | 19,95€



Queer-emos un mundo novo
Teresa Moure
GALAXIA | 15,95€



Maricas y sus amigas entre revoluciones
Larry Mitchell, Ned Asta
CONSONNI | 18,90€




Antología de poesía queer
VV.AA.
ESPASA | 13,90€



La mala costumbre
Alana S. Portero
SEIX BARRAL | 19€



Utopía Queer. El entonces y allí de la futuridad antinormativa
José Esteban Muñoz
CAJA NEGRA | 20€



Orlando
Virginia Woolf
IRMÁS CARTONÉ | 12,505€



A abolição do género para a sua expansão
Ira Hybris
ATRAVÉS EDITORA | 13€



Contra la cultura
Bruce LaBruce
CÁNTICO | 14,95€

Presentacións | Xaneiro 2025

LUNS 20 DE XANEIRO ÁS 19 H

Presentación de *Objetos a los que acompaño* (Círculo de Tiza) de **Carlos Risco**.
O autor estará acompañado da escritora **María Sánchez**.

XOVES 23 DE XANEIRO ÁS 19 H

Presentación de *As despedidas* (Xerais) de **Cecilia F. Santomé**.
A autora estará acompañada da escritora **Berta Dávila**.

XOVES 30 DE XANEIRO ÁS 19 H

Presentación de *Xirarei!* (Cuarto de Inverno) de **Pablo Carreiro**.
O autor estará acompañado da editora **Andrea Jamardo**.

Consulta a información actualizada dos eventos en numax.org/libraria



F O C O M I K I O N A R U S E

Anos 50

**XANEIRO
2025**

7 de xaneiro

NAI

(Okaasan, 1952, 99')

14 de xaneiro

A VOZ DA MONTAÑA

(Yama no oto, 1954, 94')

21 de xaneiro

NUBES FLOTANTES

(Ukigumo, 1955, 123')

28 de xaneiro

Á DERIVA

(Nagareru, 1956, 117')

“O cinema de Naruse
é como un río
de superficie calma
e turbulenta corrente
subterránea”
Akira Kurosawa

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
981 560 250 | www.numax.org



A LUZ QUE IMAXINAMOS ESTREA 1 XAN

Payal Kapadia, 118', HI, VOSE, +12
Con Kani Kusruti, Divya Prabha


En Mumbai, a rutina da enfermeira Prabha vese alterada cando recibe un agasallo inesperado do seu marido, do que está distanciada. A súa moza compañeira de cuarto, Anu, tenta en van atopar un lugar na cidade para ter intimidade co seu mozo. Unha viaxe a unha vila costeira permitiralle atopar un espazo para que os seus desexos se manifesten.

Kayal Kapadia asina “unha fermosa oda á amizade feminina” (Cadena SER), especialmente recomendada polo seu fomento da igualdade de xénero polo ICAA.

- 🏆 Gran Premio do Xurado Cannes 2024
- 🏆 2 Nominacións Globos de Ouro 2025
- 🕒 Sesión Teta: Sábado 11 XAN ás 11:30 h

Estreas



 *Queer*
William S. Burroughs |
Anagrama | 11,90 €

QUEER ESTREA 3 XAN

Lucas Guadagnino, 135', ING, VOSE, +16
Con Daniel Craig, Jason Schwartzman

1950. William Lee, un expatriado estadounidense en Cidade de México, pasa os días só. O seu encontro con Eugene Allerton, un mozo estudante que acaba de chegar á cidade, móstralle, por vez primeira, que finalmente podería ser posible establecer unha conexión íntima con alguén.

 **Sección Oficial Venecia 2024**

AS VIDAS DE SING SING ESTREA 10 XAN

Greg Kwedar, 106', ING, VOSE
Con Clarence Maclin, Colman Domingo


Encarcerado no centro de máxima seguridade de Sing Sing por un delito que non cometeu, Divine G. encontra un propósito actuando nun taller de teatro canda outros presos. O seu soño é montar a súa propia produción orixinal nesta historia de resiliencia e humanidade sobre o poder transformador da arte.

 **Nomeado a Mellor Actor Globos de Ouro 2025**


A SEMENTE DA FIGUEIRA SAGRADA ESTREA 17 XAN

Mohammad Rasoulof, 168', FA, VOSE
Con Soheila Golestani, Setareh Maleki

Irán, outono 2022. A vida en Teherán vese sacudida polas revoltas nas rúas e as escolas ao berro de «Muller, vida e liberdade». A medida que os disturbios políticos aumentan, a responsabilidade profesional na vida dun xuíz de instrución empeza a afectar a súa vida familiar xunto a súa muller e as súas dúas fillas adolescentes.

 **Premio Especial do Xurado, FIPRESCI e Ecuémico en Cannes 2024**





i Pase adaptado | 24 XAN ás 12 h

FLOW, UN MUNDO QUE SALVAR ESTREA 24 XAN

Gints Zilbalodis, 83', VO, +7

Un gato esperta nun mundo cuberto de auga, onde a raza humana parece ter desaparecido. Busca refuxio nun barco cun grupo doutros animais. Levarse ben con eles resulta ser un reto aínda maior que superar o seu medo á auga. Todos terán que aprender a superar as súas diferenzas e adaptárense a este novo mundo no que se atopan.

🏆 Finalista LUX Audience Award 2024

🏆 Gran Premio do Xurado e Mellor Montaxe Sevilla 2024



OLD BOY (4K) REESTREA 24 XAN

Park Chan-wook, 120', VOSE, KO, 2003

Con Choi Min-sik, Yoo Ji-tae

Oh Dae-su é un home de negocios coreano que un día é secuestrado e confinado durante anos nunha cela na que só hai unha televisión. E, porén, ignora por que razón está alí... Restauración en 4K da segunda e máis celebrada parte da *Triloxia da Vinganza* de Park-Chan-wook.

🏆 Gran Premio do Xurado Cannes 2004



MEMORIAS DUN CARACOL ESTREA 31 XAN

Adam Elliot, 94', VOSE, ING

Australia, anos 70. Grace Pudel é unha solitaria e inadaptada nena afeccionada a coleccionar figuras decorativas de caracois e cun amor profundo polas novelas románticas. Tras a morte de seu pai coñece unha excéntrica anciá chea de determinación e amor pola vida chamada Pinky, coa que vai entablar unha longa amizade.

🏆 Nomeada a Mellor Animación Globos de Ouro 2024



THE BRUTALIST ESTREA 31 XAN

Brady Corbet, 215', ING, VOSE

Con Adrien Brody, Felicity Jones

Fuxindo da Europa da posguerra, o visionario arquitecto László Toth chega a Estados Unidos para reconstruír a súa vida. László establécese en Pensilvania, onde o poderoso industrial Harrison Lee Van Buren reconece o seu talento para a arquitectura.

Pases especiais



O BAZAR DAS SORPRESAS

PASES ÚNICOS 4 E 6 XAN

Ernst Lubitsch, 94', VOSE, ING, 1940

Con Margaret Sullivan, James Stewart

Alfred Kralik é o tímido xefe de vendedores de Matuschek e Compañía, unha tenda de Budapest. Todas as mañás, os empregados agardan xuntos a chegada do seu xefe, Hugo Matuschek. A pesar da súa timidez, Alfred responde o anuncio dun xornal e mantén un romance por correspondencia.



MARY AND MAX

PASE ÚNICO 30 XAN

Adam Elliot, 88', VOSE, ING, 2009

A primeira longametraxe de Elliot, que xa gañara un Oscar coa curtametraxe *Harvey Krumpet*, narra a longa amizade por correspondencia entre un coretón e obeso xudeu de Nova York e unha nena australiana de oito anos que vive nos suburbios de Melbourne.

🏆 **Oso de Cristal Berlinale 2009**

Cinema +100



THE SALVATION HUNTERS

PASE ÚNICO 23 XAN

Josef von Sternberg, 65', VOSE, ING, 1925

Con George K. Arthur, Georgina Hale

A historia céntrase nun mozo que é un fracasado e un covarde, nunha moza afeita á vida dura na ribeira e nun neno cuxos pais morreron no río. Co fin de fuxir do fango o mozo convéncea para ir á cidade levando o neno canda eles. Alí reunírase con Bruto, que lles ofrece refuxio só porque lle gusta a moza.

Os ollos verdes



i Presentación e coloquio con Elena López Riera e Xacio Baño | 13 XAN

LAS NOVIAS DEL SUR + PLATÓNICO, PLATÓNICA

PASES ÚNICOS 13 E 20 XAN

**Elena López Riera + Xacio Baño,
40' +9', VO, ESP/GAL**

Sesión dobre coa proxección da última curtametraxe do cineasta galego Xacio Baño, *Platónico, platónica* (gañador do Premio NUMAX Exhibición no Festival Intersección 2024) e a proxección da mediametraxe *Las novias del sur*, no que a cineasta alacantina Elena López Riera reflexiona sobre a idea do matrimonio entrevistando mulleres maduras.



THE HUMAN HIBERNATION

PASE ÚNICO 27 XAN

Anna Cornudella, 90', VO, ESP, +7
Con Clara Muck Dietrich, Neil O'Neil





Unha muller esperta da hibernación mentres o seu irmán segue a durmir. O procedemento fai que os humanos parezan animais. Un experimento mental de ciencia ficción retratado en vívidas escenas.

🏆 Premio FIPRESCI Berlinale 2024

↑ A semente da figueira sagrada (Mohammad Rasoulof) ESTREIA 17 DE XANEIRO

NUMAX 10c

numax.org

    @numaxcoop


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocínio de

AAAAAA Agência
GGGGGG Gráfica